XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
UNIÓN EUROPEA
TRI.VE.S.
IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO
R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico: ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

# PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

## CARACTERÍSTICAS DA FCT

O módulo profesional de Formación en Centros de Traballo, en diante FCT, é un bloque coherente de formación específica no que os obxectivos están constituídos por un conxunto de capacidades terminais elementais, que orientan as actividades formativas de referencia que constitúen os contidos que o alumnado debe realizar nun centro de traballo.

Ten carácter obrigatorio en todos os ciclos formativos e desenvolverase procurando aplicar as competencias profesionais adquiridas no centro educativo complementándoas con aquelas previamente identificadas entre as actividades productivas do centro de traballo.

Posibilitará así mesmo, avaliar os aspectos máis relevantes da competencia profesional do alumnado, razón pola que, con carácter xeral, constituirá a última fase de formación.

A realización da FCT require a colaboración estreita entre o centro educativo e as empresas, formalizada mediante un "Convenio" entre ambas institucións. Neste convenio, ambas entidades comprométense a:

a) Designar o responsable por parte da empresa e o titor do centro educativo, para o adecuado seguimento e posterior avaliación dos alumnos.

b) Acordar un programa formativo cas actividades que farán os alumnos na empresa.

A duración da FCT é específica para cada ciclo e con carácter xeral, os periodos de realización da FCT son:

- F.P Básica:
- Ciclos de 2.000 horas: de abril a xuño, no segundo curso do ciclo (convocatoria ordinaria) e de setembro a decembro (convocatoria extraordinaria).

O desenvolvemento da FCT esixe a elaboración dun Plan Individualizado de FCT que consiste no conxunto de actividades formativo-productivas, ordenadas no tempo e no espazo, que debe realizar o alumnado durante as horas establecidas para tal fin no centro de traballo.

Os Plans Individualizados que se aplican en cada centro de traballo serán elaborados entre o titor do ciclo formativo (axudado por o equipo docente do ciclo) e os encargados ou titores das empresas. Procurarase que os contidos dos programas de prácticas sexan os máis adecuados a cada currículo e nivel correspondente a cada ciclo e que se adapten perfectamente á organización e produción da empresa.

Na xestión do módulo de FCT son obrigatorios, ademais, estes documentos:

IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO
R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico: ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

a/ Convenio específico que recollerá a relación do alumnado por cada centro de traballo. A duración do convenio específico de colaboración será a prevista para o periodo de desenvolvemento do módulo da FCT, que se considerará improrrogable.

b/ Carpeta de seguimento e avaliación da FCT, documento individual para cada alumno/a que incluirá: o Plan Individualizado de FCT e follas semanais para o seguimento das actividades realizadas polo alumnado.

O titor/a do centro educativo establecerá canles de comunicación co o titor do centro de traballo para realizar tarefas propias do/a titor/a que garanten o seguimento e avaliación dos alumnos. A parte das visitas previas de xestión, o/a titor/a do centro educativo establecerá dúas visitas mínimas de seguimento para observar directamente as actividades que o alumnado realiza e registrar o seu propio seguimento. Este calendario poderase completar de cantas visitas o mecanismos de contacto se consideren oportunos.

A avaliación do módulo da FCT ten por obxecto determinar a competencia profesional, entendida esta como a habilidade para realizar papeis ou postos de traballo aos niveis requeridos de emprego. A avaliación do módulo de FCT corresponde o profesor titor del centro educativo e colaborará a persona responsable designado polo centro de traballo para o seguimento nel.

**OBXECTIVOS DA FCT**

Mediante a formación que se realiza na empresa, os alumnos poden observar e desenrolar as actividades e funcións propias da súa profesión dunha maneira real.

Os alumnos poden coñocer tamben a organización dos procesos productivos o de servicios e a realidade cotidiana das relacións laborais.

En todo momento, os alumnos están orientados e asesorados polo responsables designados a tal fin pola empresa e polos titores do centro educativo. De este modo, aumenta a implicación empresarial na formación do alumnado.

Este módulo realízase, con carácter xeral, o finalizar os módulos impartidos no centro educativo, una vez que o alumno adquiriu as capacidades básicas para desenrolar a profesión.

**ACCESO O MÓDULO DE FCT.**

Recordemos que tódolos alumnos que estean cursando estudios de ciclos formativos ou programas de cualificación profesional inicial, teñen a obriga de realiza-lo módulo de FCT, agás aqueles que estean exentos por ter acreditada a experiencia laboral segundo o establecido legalmente.

IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO
R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico: ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

Para poder realizar o módulo de FCT, é preciso ter superados tódolos módulos do ciclo ou programa impartido no centro educativo.

**CRITERIOS SELECCIÓN FCT**

No caso no que o número de solicitudes a FCT nalgunha empresa, sexa maior que o número de prazas dispoñibles; e a efectos de ordenar as solicitudes para a súa adxudicación se utilizará una nota de admisión que coincidirá coa nota media do ciclo formativo.

**Nota de admisión = NMC**

***Procedemento para o cálculo da nota media do ciclo formativo.***

**NMC**: **Nota media do ciclo formativo**: suma das cualificacións numéricas dos módulos, cualificados de 1 a 10, sen decimais, e dividindo o resultado obtido polo número total dos módulos.

Non serán computados os módulos que fosen obxecto de validación.

A nota media expresarase con dúas cifras decimais e arredondada á centésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

***Procedemento para adxudicación de prazas***

A adxudicación de prazas farase en función da nota de admisión obtida polos estudantes.

Cando se produza empate para a adxudicación de prazas, terán opción preferente os estudantes que teñan primeira matricula en cada un dos módulos que computan para o cálculo da nota de admisión e en segundo lugar os que teñan menor número de faltas(sen xustificar) no segundo curso do ciclo.

**DESENVOLVEMENTO DA FCT NO IES XERMÁN ANCOCHEA**

O IES Germán Ancochea asinará convenios específicos entre as empresas que xa veñen colaborando en anos anteriores no desenvolvemento da FCT.

Preocupándonos da mellor formación para os nosos alumnos/as no curso 2021/22 esperamos asinar convenios específicos con novas empresas que destaquen na aplicación de tecnoloxías actuais na súa actividade.

Da xestión, seguimento e avaliación da FCT encárganse os titores correspondentes a cada ciclo formativo e están coordinados polo profesor: Lago Álvarez, Yago

CM de Instalcións Eléctricas e Automáticas: García Allegue, Miguel de Cervantes

CS de Sistemas Electrotécnicos e Automatizados: Rego Sanfiz, Javier

F.P Básica : Cadavid Pérez, Susana

Mentras o alumnado estea realizando a FCT estará cuberto con pólizas de seguros que a Administración ten asinadas con mutualidades competentes e responderán, no caso de ser necesarias, para cubrir daños a terceiros ou responsabilidade civil e para accidentes no traballo.

Os alumnos que vaian realizar a FCT no curso 2021/22 farano nos periodos que se indica na seguinte táboa :

| Periodos de realización | Ciclos formativos | Número de alumnos |
|---|---|---|
| Marzo-xuño | C.S. Sistemas electrotécnicos e automatizados (384 horas) | 15 |
| Setembro-decembro | | 2 |
| Marzo -xuño | CM Instalacións Eléctricas e Automáticas (410 horas) | 6 |
| Setembro-Decembro | | 1 |
| Abril-Xuño | F.P.Básica (320 horas) | 4 |

importante indicar que as prácticas favorecen as relacións laborais entre alumnos e empresarios, creándose condicións óptimas para futuras contratacións.

**PLAN DE VISITAS POR PARTE DOS TITORES Ó CENTRO DE TRABALLO**

Primeira etapa: Visitas dos titores ó centro de traballo correspondente as tarefas propias de xestión: contacto, firmar convenios, etc...

Segunda etapa: Presentación dos alumnos por parte dos titores na empresa.

Tercera etapa: Tarefas de seguimento. Cada titor establece duas visitas mínimas de seguimento ó centro de traballo para observar directamente as actividades que o alumnado realiza e rexistrar o seu propio seguimento.

Cuarta etapa: Avaliación. Na evaluación do módulo de FCT colaborará o titor designado por

cada centro de traballo para realizar o seguimento das tarefas xunto con titor do centro educativo.

Este calendario poderá ser completado mediante a programación por parte do titor docente de cantas visitas ou mecanismos de contacto considere oportunos para o correcto seguimento do alumnado que desenvolve a FCT.

O seguimento das actividades da FCT axustarase ao plan previsto por cada titor

Na terceira etapa, e a medida que desenvolve o plan de seguimento, o titor irá recollendo as datas reais de realización das visitas, xustificándoas mediante sinatura ou cambio dos centros de traballo visitados, así como, os gastos realmente soportados. Por último asinará a declaración de veracidad dos datos recollidos no documento.

**PLAN DE RECEPCION DOS ALUMNOS NO CENTRO EDUCATIVO**

A recepción dos alumnos no centro educativo por parte do profesor titor será quincenalmente para a realización de tarefas de seguimento, asesoramiento e apoio.

É importante revisar na recepción do alumnado o documento de actividades realizadas no desenvolvemento da FCT e que deben ser cubertos polos alumnos/as. A verificación deste documento servirá para ter unha referencia válida para a avaliación da FCT xa que permite o seguimento real do Programa Formativo aplicado.

**AVALIACIÓN**

A avaliación do módulo da FCT ten por obxeto determinar a competencia profesional, entendida esta como a habilidade para realizar papeis ou postos de traballo aos niveis requeridos no emprego. Xa que logo, os métodos de avaliación deste módulo débense orientar a obter evidencia desa competencia.

A avaliación da FCT será continua, é dicir, realizarase durante todo o proceso formativo correspondente, de acordo coa normativa reguladora.

Na avaliación deste módulo colaborará a persoa responsable designada por cada centro de traballo. O instrumento de seguimento e avaliación do módulo de FCT será a carpeta de seguimento e avaliación da FCT.